

Entre os premios que se lle outorgaron ó longo da súa carreira literaria, cómpre nomea-lo dos Xogos Florais de Monforte de Lemos e o do colexio Minerva de Santiago de Compostela; o da Casa Galicia, en Bilbao (1975), por *Galou Z-28*; e o Blanco Amor de Novela (1986), por *A canción do vagamundo*.

DIEPOL. Os atributos peregrinos que resaltan no seu escudo confirman a relación desta liñaxe con Galicia. Trae por armas, en campo de goles, cinco torres de prata, postas en aspa. O bordo é de prata con catro vieiras de goles. (Eduardo Scijas Vázquez)



Eduardo Dieste


DIESTE, Eduardo. Naceu no departamento de Rocha (Uruguai) en 1881, de nai uruguia e pai galego. En 1888 instalouse coa súa familia en Rianxo (A Coruña), lugar das decisivas experiencias infantís do escritor e onde selou amizade con Castelao. Cursou estudos no seminario conciliar de Santiago de Compostela de 1893 a 1904 pero, a punto de ordenarse, renunciou ó sacerdocio. Sendo estudante de Filosofía e Letras, fundou con Castelao *El Barbero Municipal*, caracterizado polas súas loitas políticas, que determinaron o rumbo ulterior de Dieste e o retorno á súa terra

natal en 1911. Ese mesmo ano aparecía o seu libro *Leyendas de música*, premiado e publicado por Biblioteca de Escritores Gallegos. No país sudamericano exerceu o xornalismo e a ensinanza e destacou como orientador e animador do grupo de poetas e artistas Teseo, nome que tamén levaba a revista dirixida por el e que tivo unha grande influencia en ámbalas marxes do Prata. Entre 1911 e 1927 apareceron as súas obras *Buscón poeta* e *Los místicos*, teatro: *El viejo*, traxedia; e o tomo *Teseo*.


Destinado en Londres como cónsul xeral (1927), en 1931 volveu a España coas mesmas funcións, sucesivamente, en Bilbao, Cádiz e Madrid. Na capital, en 1933 e baixo o título xeral de *Buscón poeta y su teatro* reuniu as obras dramáticas e narrativas mencionadas, ademais das novelas breves e os ensaios de humor que creara en Londres e todo o que despois do seu retorno escribiu en Rianxo. O volume apareceu ilustrado por Arturo Souto. A parte xeral de *Teseo*, cun ensaio do seu irmán Rafael, publicouse en Madrid, en 1934, co título de *Introducción a una lógica del arte*. En 1935 patrocinou en Madrid a revista *P.A.N. (Poetas Andantes y Navegantes)*, dirixida por José Otero Espasandín, unha das publicacións máis significativas da época. Ó comeza-la guerra española e en desacordo co Goberno uruguai, que romperá as súas relacións coa República, renunciou ó seu cargo de cónsul e regresou a Montevideo, onde permaneceu en situación de dispoñibilidade. Alí publicou (1938) *Teseo II* e unha nova edición aumentada do *Teseo* anterior, así como unha versión de 21 sonetos de Shakespeare. A finais de 1943 nomeárono cónsul en San Francisco (California). Cun cargo análogo trasladouse posteriormente a Nova York (1952) e, por último, a Santiago de Chile (1953), onde faleceu o 2 de setembro de 1954.

DIESTE, Rafael. Escritor nacido en Rianxo (A Coruña) en 1899 e falecido en Santiago de Compostela, en 1981. No seu percorrido polo século XX deixou unha obra que, no medio dunha desorde aparente, encerra as claves dun novo humanismo, integrador e harmónico.


No medio da inestabilidade xeral da política da época, unha serie de sucesos marcou especialmente a biografía do es-




Diepol



Díez



Díez



Díez